



XUNTA
DE GALICIA



DEPORTE
GALEGO



Deputación
DA CORUÑA

//ABANCA

VII NADA E CORRE CONCELLO DE CARBALLO

(Clasificatorio Zona 2: Carballo-Coruña-Arteixo-Costa da Morte-Betanzos-Sada)

REGULAMENTO

ORGANIZAN:

Federación Galega de Tríatlon e Péntatlon Moderno.

Concello de Carballo.

Carballo Deporte.

Agrupación Deportiva Fogar da Xuventude.

COLABORAN:

Protección Civil de Carballo.

Policía Local de Carballo.

Secretaría Xeral para o Deporte.

Deputación de A Coruña.

Club Tríatlon Coruña.

Club Tríatlon Hércules Termaria.

DATA, HORA E LUGAR:

Domingo 16 de novembro de 2025.

Complexo Deportivo Carballo Calero, Rúa Carballo Calero s/nº.

Quecemento probas natación: 09:00 a 9:45hs.

Inicio probas natación: 10:00hs.

Quecemento probas carreira: a partir das 11:15hs.

Inicio probas carreira a pé: 11:45hs.

Entrega de premios: 14:15hs.

SECRETARÍA COMPETICIÓN:

Piscina Municipal Carballo Calero.



PARTICIPANTES:

Poderán participar deportistas con licenza federativa en vigor na tempada, nados e nadas entre os anos 2010 a 2019. Nas probas clasificatorias ou zonais, permitirase participar tramitando licenza temporal de menores dun día (custo 6 euros).

CATEGORÍAS:

PREBENXAMÍN masculino e feminina: nados/as nos anos 2018-2019.

BENXAMÍN masculino e feminina: nados/as nos anos 2016-2017.

ALEVÍN masculino e feminina: nados/as nos anos 2014-2015.

INFANTIL masculino e feminina: nados/as nos anos 2012-2013.

CADETE masculino e feminina: nados/as nos anos 2010-2011.

PARATRÍATLON deportistas con discapacidade recoñecida superior ao 33%.

PROBAS E HORARIOS:

CATEGORIAS	ANOS	PROBAS NATACION	*HORARIOS	PROBAS CARREIRA	*HORARIOS
PREBENXAMIN	2018-2019	25 m	10:00 hs	250 m	11:45 hs
BENXAMIN	2016-2017	50 m	10:15 hs	500 m	12:00 hs
ALEVIN	2014-2015	100 m	10:30 hs	500 m	12:15 hs
INFANTIL	2012-2013	200 m	10:45 hs	1000 m	12:30 hs
CADETE	2010-2011	300 m	11:00 hs	1500 m	12:45 hs

*HORARIOS APROXIMADOS

INSCRICIÓNS:

A inscrición formalizarase a través da páxina Web: www.fegatri.org , dentro do apartado [Competicións-inscricións](#), accedendo á proba de referencia.

As inscricións pecharanse o luns anterior á proba día 10/11/2025.

TEMPOS DE NATACIÓN:

Para poder validar a inscrición na proba, será obrigatoria a introdución dos tempos de natación, na distancia correspondente, para elaboración das series (minutos e segundos no formato 0000). O tempo introducirase só cos catro díxitos seguidos. Dous díxitos de minutos e dous díxitos de segundos a continuación sen ningún tipo de puntuación.



XUNTA
DE GALICIA



DEPORTE
GALEGO



Deputación
DA CORUÑA

//ABANCA

TÉCNICO/A RESPONSABLE:

Cada club deberá designar un Técnico/Delegado, con licencia federativa que será o/a responsable do Club fronte a calquera incidencia da competición. A inscrición realizarase a través da plataforma de inscricións.

COMUNICACIÓN DE BAIXAS E POLÍTICA DE DEVOLUCIÓN:

Estas deben ser comunicadas a FEGATRI antes das 16:00 horas do mércores anterior á proba día 12/11/2025. As baixas non comunicadas en prazo serán penalizadas con 5€ por deportista e serán facturados ao club ou deportista independente, ao final de cada tempada.

Non se admitirán inscricións incompletas ou fóra de prazo.

A listaxe definitiva de inscritos publicárase na páxina web da FEGATRI o xoves anterior á proba día 13/11/2025.

A devolución das baixas comunicadas en prazo será realizada na mesma tarxeta de abono a través de TPV na semana seguinte á proba.

No caso de inscricións incompletas (falta de documentación) rematado o prazo de inscrición, estas serán anuladas e non se farán devolucións.

CRONOMETRAXE:

A cronometraxe será manual tanto nas probas de natación coma nas de carreira.

SAÍDA E META DA CARREIRA A PÉ:

Zona de aparcamentos e arredores do Complexo Deportivo Carballo Calero.

RECOLLIDA DE SERIES, DORSAIS E COMUNICACIÓN DE NON PRESENTADOS:

Na secretaría de competición de 09:00 a 9:45 h o mesmo día da proba.

PREMIOS:

Recibirán medalla/trofeo os tres primeiros clasificados masculinos e femininas de cada categoría.





XUNTA
DE GALICIA



DEPORTE
GALEGO



Deputación
DA CORUÑA

//ABANCA

NORMAS DE COMPETICIÓN:

A carreira rexeráse segundo as normativas vixentes do Regulamento Oficial de Competición da FEGATRI.

<https://fegatri.org/wp-content/uploads/2024/11/regulamento-Nada-e-corre-2025.pdf>

<https://fegatri.org/wp-content/uploads/2025/03/REGULAMENTO-DE-COMPETICIONS-DA-FEGATRI-TEMPADA-2025.pdf>

A seguridade na vía pública será responsabilidade do corpo da Policía Local e Protección Civil, en coordinación coa organización da proba; no obstante todo participante respectará as normas de Circulación e Seguridade Viaria.

Os vehículos motorizados, bicicletas ou patinadores que non pertencen a organización non poderán transitar nen aparcar polos circuitos da proba. Aqueles que realicen o seguimento das probas, levarán unha identificación visible en todo momento. O feito de recibir axuda externa distinta da que aporta a organización ou facerse acompañar por algún vehículo, bicicleta, patinador ou corredor suporá a descualificación do participante.

SERVIZOS MÉDICOS E SEGUROS DEPORTIVOS:

Os servizos médicos da organización destinados ó longo do percorrido, estarán autorizados a retirar a calquera participante por razóns médicas. Calquera vehículo de emerxencia que precise utilizar o percorrido da carreira para circular poderá facelo indicando a súa posición mediante sináis luminosas e sonoras. En tódolos casos o vehículo terá preferencia sobre os triatletas, os que deberán ceder o paso.

Os participantes, contarán co seguro deportivo.

<https://fegatri.org/seguero-deportivo/>

RECLAMACIÓNS E APELACIÓNS:

Segundo o procedemento de reclamación/apelación probas FEGATRI

<https://fegatri.org/wp-content/uploads/2024/02/Procedemento-de-Reclamacion-Apelacion-probas-da-FEGATRI.pdf>





XUNTA
DE GALICIA



DEPORTE
GALEGO



Deputación
DA CORUÑA

//ABANCA

CIVISMO E RESPECTO:

Os participantes aceptan cada un dos artigos deste regulamento e comprométense honestamente a non anticiparse a o momento da saída e a cubrir tódolos tramos completos antes de cruzar a liña de meta.

Así mesmo, manifestan ser respectuosos co persoal implicado na organización e co resto de participantes.

Comprométense tamén a tratar o material deportivo propio e alleo con respecto. No incumprimento dalgunha destas normas cívicas será proposto por parte da organización os xuíces e oficiais para que sexa motivo de amonestación. Incídese no respecto absoluto e a observancia das normas de circulación e de seguridade viaria, co fin de evitar situacións perigosas que carreen danos irreparables tanto para o deportista como para terceiros.

NOTA:

A organización resérvase o dereito de modificar, comunicándoo previamente aos interesados, calquera aspecto do presente regulamento co único obxectivo de mellorar o desenvolvemento do evento.

RECOLLIDA DE DORSAIS E ACREDITACIÓN

Os dorsais serán entregados ao/á adestrador/a responsable de cada club.

NORMAS XERAIS

A proba rexeráse polas normativas vixentes da Federación Galega de Tríatlon e Péntatlon Moderno.

<https://fegatri.org/wp-content/uploads/2024/11/regulamento-Nada-e-corre-2025.pdf>

<https://fegatri.org/wp-content/uploads/2025/03/REGULAMENTO-DE-COMPETICIONS-DA-FEGATRI-TEMPADA-2025.pdf>

Cada proba consistirá en nadar e correr.

A natación efectuarase en series por categoría e sexo, conformadas en base aos tempos enviados.





XUNTA
DE GALICIA



DEPORTE
GALEGO



Deputación
DA CORUÑA

//ABANCA

A partir de 120 inscritos na proba, nas categorías cadete e infantil poderán competir dous nadadores por rúa. Non se admitirán inscricións sen o envío dos tempos. Na carreira realizarase unha saída por categoría e sexo saíndo todos á vez. Cando nunha categoría sexan máis de 20 participantes poderá haber unha saída A e outra B con igual número de deportistas, segundo a orde da clasificación da natación. A clasificación final será o resultado da suma de tempos da carreira e da natación.

Estará prohibido o uso de zapatillas con cravos nestas probas

A clasificación final sairá do resultado da suma dos tempos da carreira e da natación.


INSTALACIÓN PISCINA- NATACIÓN

Será obrigatorio o uso de chanclas en todo momento, non se permitirá acceder á praia da piscina a ninguén que non leve chanclas.

O uso do vestiario non será para outro fin que o propio e durante o tempo imprescindible. Para o uso das taquillas e necesario dispor dun candado propio.

Os/as participantes presentaránse na cámara de saídas tres series antes da súa.

Ao finalizar cada unha das probas os/as deportistas abandonarán a praia da piscina no sentido de circulación indicado no seguinte plano.



CARREIRA A PÉ


Saída por categorías e xénero de acordo a regulamento.

CHEGADA Á META

Unha vez que os/as deportistas pasen a liña de meta, dirixiranse sen parar, á zona de avituallamento e sairán da zona de post-meta.

PLANO CIRCUITO CARREIRA:

Prohíbese aparcar en toda a zona do circuito de carreira a pé.



PREBENXAMÍNS 250 mts: 1 VOLTA.

BENXAMÍNS e ALEVÍNS 500 mts: 1 VOLTA.

INFANTÍS 1.000 mts: 1 VOLTA.

CADETES 1.500 mts: 2 VOLTAS de 750 mts.